

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
DE A ESTRADA.**

DEPARTAMENTO DE VENTO – MADEIRA.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CLARINETE

CURSO 2023-2024.

Plans de estudos LOE.

PROF. ÓSCAR GÓMEZ ÁLVAREZ

INDICE.

Introdución.

Metodoloxía.

Atención á diversidade.

Temas transversais.

- **Educación en valores.**
- **Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).**

Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Secuenciación do curso.

- **Curso 1º de G. E.**
- **Curso 2º de G. E.**
- **Curso 3º de G. E.**
- **Curso 4º de G. E.**
- **Curso 1º de G. P.**
- **Curso 2º de G. P.**
- **Curso 3º de G. P.**
- **Curso 4º de G. P.**
- **Curso 5º de G. P.**
- **Curso 6º de G. P.**

Procedementos de avaliación e seguemento da programación didáctica.

Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.

Anexos.

- **Probas de acceso.**
- **Criterios para obtención dos premios fin de grao.**

INTRODUCCIÓN.

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de CLARINETE durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

● **MARCO LEGAL.**

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios

elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

CIRCULAR 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

DECRETO 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.

DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

● **CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.**

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22.000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de

poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada.

A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos accedan ao centro por traslado para cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria cos estudos de música.

As principais motivacións para o estudo neste centro son:

- A obtención dun título que lles abra as saídas profesionais e que posibilite a continuidade de estudo no Grao Superior de Música
- A ubicación do CMUS.
- A calidade da ensinanza.

En canto ao nivel de superación dos obxectivos establecidos nas programacións dos distintos departamentos, podemos cualificalo de notable tanto no Grao Elemental como no Grao Profesional.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes. Concluimos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas, o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

METODOLOXÍA.

Entre as finalidades da educación ten que estar o desenvolvemento da personalidade e da sensibilidade propia do alumno. Para acadalo, o profesor convértese nun guía que ofrece solucións concretas e dificultades e problemas específicos, que debe esforzarse en dar opinións e non en impor criterios, en orientar e non en conducir cara uns resultados predeterminados.

Esta programación didáctica ten carácter aberto e flexible para poder ser adaptada ás características e necesidades individuais de cada alumno tratando de desenvolver as súas posibilidades e de suplir as súas carencias. A metodoloxía a empregar terá en conta, como factor principal, a participación activa do alumnado, e propiciará a actitude de descubrimento e investigación, indo sempre do simple ó complexo. A acción educativa debe contribuír a promover a autonomía dos alumnos na maior medida posible. O profesor debe promover a actividade menta e reflexión posto que o alumno aprende por construción de coñecementos (construtivismo) e favorecer a aprendizaxe significativa e funcional, e dicir, que os coñecementos adquiridos sexan útiles e teñan unha aplicación práctica.

A formación do alumno débese entender coma un proceso global no que a interdisciplinabilidade entre as diferentes áreas implica unha coordinación do traballo dos profesores.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc. Neste sentido, tamén se expresa o concepto de atención ou

educación individualizada, referida á necesidade de que cada alumno desenvolver as súas capacidades ao máximo e de forma persoal.

Na aula de clarinete, deberá adaptarse o exercicio diario ás condicións específicas de cada alumno, coa finalidade de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. Por esta razón, os obxectivos deberán adaptarse ás situacións concretas segundo considérese oportuno, do mesmo xeito que poderá ser necesario retomar, reforzar ou prolongar determinados contidos. En definitiva, o profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ben desenvolver outras novas en función da adaptación do alumno.

Unha ferramenta fundamental na determinación e orientación das medidas de adaptación, reside na **acción tutorial**. Tendo en conta a dificultade e especificidade dos estudos realizados no Conservatorio, a colaboración das familias é determinante para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumno. Unha información ampla sobre as características e esixencias de cada materia e unha adecuada comunicación periódica e fluída, con entrevistas habituais cos pais, son a base para poder establecer as condicións máis adecuadas para o desenvolvemento do proceso didáctico. Así mesmo, establecerase unha comunicación constante cos compañeiros de claustro, profesores implicados na educación do alumno de maneira que se poidan obter datos relevantes que permitan en caso necesario reorientar a actividade formativa e levar a cabo as adaptacións que sexan necesarias.

● **ATENCIÓN AO ALUMNO CON TRAZOS DE DIVERSIDADE.**

A programación recolle medidas didácticas para atender os intereses ou aptitudes dos alumnos. Estas medidas poderanse adoptar despois de realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso, aínda que, pódese establecer unha tipoloxía xenérica do alumnado atendendo a tres criterios específicos:

En función do seu nivel musical:

Alumno avanzado: o alumno está dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel; é capaz de atopar solucións en por si aos seus problemas técnicos co instrumento e progresa técnica e musicalmente a gran velocidade, á vez que é capaz de acometer tarefas máis difíciles do habitual para a súa idade. Neste grupo podería haber alumnos con altas capacidades intelectuais, para os que se podería flexibilizar a duración das etapas na súa formación ou que poderían requirir atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.

Alumno intermedio: é aquel que asimila con corrección os contidos programados para o seu nivel e que supera os novos obstáculos normalmente.

Alumno que presenta dificultade e baixo nivel: aquel que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podería haber alumnos con dificultades de aprendizaxe, dificultades co idioma ou que por diferentes razóns incorporáronse de forma tardía ao sistema educativo. Estes alumnos poderían necesitar programas específicos de axuda ou clases de reforzo e nalgúns casos atención de profesionais especializados.

En función da súa actitude e interese cara aos estudos e formación musical:

Alumno motivado: presenta unha actitude positiva cara á aprendizaxe, non sendo necesaria unha motivación adicional para conseguir un ritmo de traballo adecuado na clase e en casa.

Alumno con escaso interese: considera a súa asistencia ás clases como unha actividade extraescolar. O esforzo orientarase aquí a tratar de cambiar esa actitude, tanto no alumno como nos pais ou titores, xa que na maior parte das ocasións débese a unha gran falta de información e descoñecemento.

Por tratarse de alumnado con necesidades educativas específicas:

Ben porque se trate de alumnos estranxeiros (con ou sen coñecemento do idioma), superdotados ou discapacitados físicos ou psíquicos. As necesidades deste tipo de alumnado trataranse de forma diferenciada e individualizada, dentro das lóxicas limitacións da materia (poderanse adaptar no posible as actividades para realizar, deseñar actividades de reforzo ou de ampliación, expor actividades substitutivas ou alternativas, etc..

● **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado:

Reforzo educativo: trátase dunha medida de atención á diversidade dirixida especialmente a aqueles alumnos que presentan dificultade ou baixo nivel. Pódese entender como un esforzo adicional que precisa realizar un alumno temporalmente ao non superar algúns dos contidos propostos. Dadas as características do centro e as particularidades da materia, non se contempla a posibilidade de realizar apoios fose da aula e a cargo dun especialista (como o profesorado de Pedagogía Terapéutica), senón que se realizarán na aula co profesor de clarinete. O reforzo pode consistir en: a

realización dunha serie de traballos (fose do horario de clase) de consolidación dos contidos esixibles ou o establecemento dun horario de resolución de dúbidas ou de revisión de tarefas (por exemplo, minutos antes ou despois doutra clase á que o alumno deba acudir ao Conservatorio).

Adaptacións curriculares individualizadas: esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos do currículo. Estas adaptacións poden ser de dous tipos: non significativas e significativas. Ocupámonos nesta programación das adaptacións curriculares non significativas, dado que as significativas supoñen modificar elementos básicos do currículo, actuación que debe ser levada a cabo con coñecemento do departamento didáctico e de inspección educativa, así como realizarse de acordo a unha previa avaliación psicopedagóxica.

A diferenza do reforzo educativo, unha adaptación curricular non significativa realízase previamente á impartición dos contidos coa finalidade de adiantarse á aparición dos problemas prevendo (dada a capacidade do alumno, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que dita actuación será necesaria para eses contidos concretos. Unha adaptación curricular non significativa pode afectar:

- **Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **Ás actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuíndo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.
- **Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

TEMAS TRANSVERSAIS.

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do lecer, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar escóitaa de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para finalizar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, á material da aula, ao profesor, etc.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación TIC

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha

renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a internet. Para a materia de clarinete, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS.

- Potenciarase a asistencia do alumnado a concertos fora do ámbito do Conservatorio.
- Audicións públicas no Conservatorio
- Asistencia a cursiños ou clases maxistras de particular interese para do alumnado
- Formación de grupos con instrumentos afíns
- Participación en orquestras

SECUENCIACIÓN DO CURSO .

GRAO ELEMENTAL.

CURSO PRIMEIRO.

Obxectivos:

- Coñecer a montaxe, mantemento e limpeza do clarinete.
- Adquirir as bases dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
- Adquirir un son estable que abarque dende o Mi₂ ata o Do₅

- Desenvolver o sentido da afinación a través da práctica da música colectiva.
- Iniciar ó alumno na práctica de diferentes articulacións.
- Interpretar algúns textos musicais empezando a utilizar diferentes dinámicas.
- Desenvolver no alumno uns hábitos de estudo
- Demostrar interese polo estudo do clarinete.

Contidos:

- Práctica da montaxe, mantemento e limpeza do clarinete
- Adquisición dunha correcta posición corporal e do instrumento
- Exercicios de respiración cone sen instrumento
- Práctica de escalas e intervalos controlando a emisión e a columna do aire
- Desenvolvemento da flexibilidade en intervalos e en diferentes articulacións
- Desenvolvemento da velocidade en exercicios técnicos
- Emisión do son en relación coas diversas dinámicas e alturas
- Práctica da música en grupo coa finalidade de perfeccionar a afinación e o sentido do ritmo
- Interpretación de pequenas pezas e estudos.

Recursos

Escuchar, leer ~tocar (vol.1º)Joop Boerstoele – Jaap Kastelein
 Play Your Favoutite Songs (vol. 1º)Michiel Oldenkamp – Jap Kastelein
 Duett Album (vol1º)Jean-François Michel
 Die Froöhliche Klarinette (vol. 1º)Rudolf Mauz
 La Clarinette Classique (vol A)J. Lancelot et H. Classens
 220 EstudiosH. Klosé
 Álbum de Clari.....S. Comesaña

Temporalización dos contidos (mínimos esixibles)

Primeira avaliación:

- Escalas: Fa Maior, Sol Maior e Cromática, no rexistro grave
- Escuchar, leer & tocar (vol 1º) da páxina 3 a 17
- Play Your Favoutite Songs (vol. 1º) da páxina 5 a 8
- Duett Album de Michael (vol. 1º), nº 1 e 2
- Die Fröhliche Clarinete de Mauz (vol. 1º) nº 1, 2, 3, 4, 5, e 6

Segunda avaliación

- Escalas: Fa Maior, Sol Maior e Cromática.
- Escuchar, leer & tocar (vol 1º) da páxina 18 a 33
- Play Your Favoutite Songs (vol. 1º) da páxina 9 a 15
- Duett Album de Michael (vol. 1º), nº 3, 4, e 5
- Die Fröhliche Clarinete de Mauz (vol. 1º) nº 12, 14, e 16

Terceira avaliación

- Escalas: Fa Maior, Sol Maior e Cromática.
- Escuchar, leer & tocar (vol 1º) da páxina 34 a 51
- Play Your Favoutite Songs (vol. 1º) da páxina 16 a 23
- Duett Album de Michael (vol. 1º), nº 6, e 10
- Die Fröhliche Clarinete de Mauz (vol. 1º) nº 17, 19, e 29
- La Clarinette Classique (vol A), nº 1, 2, 3, e 4

Criterios de avaliación

Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese, etc...)

Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:

Todo alumno deberá de cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.

Criterios de recuperación

O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.

CURSO SEGUNDO

Obxectivos:

- Perfeccionar a técnica respiratori, a embocadura e a emisión.
- Consolidar o referente á posición corporal e do instrumento.
- Dominar o rexistro do clarinete que abarca do Mi2 ata o Re5
- Traballar diferentes tipos de articulacións.
- Dominar escals maiores e menores, natural e hamónica ata dúas alteracións, en diferentes articulacións.

- Desenvolver o sentido da afinación.
- Interpretar correctamente segundo o estilo, algúns textos musicais.
- Adquirir unha técnica de estudo que permita obter un rendemento óptimo.

Contidos:

- Perfeccionamento da respiración coa práctica de exercicios.
- Práctica de escalas, ata dúas alteracións con diferentes articulacións.
- Desenvolvemento da técnica a través de exercicios de mecanismo.
- Interpretación de distintos estudos coa finalidade de comprender a súa estrutura musical e o seu estilo.
- Práctica da música en grupo para consolidar a afinación e saber adaptarse ó mesmo.

Recursos:

26 Études Elentaires	Jacques Lancelot
Yamaha Clarinet Duets	John Kinyon – John O’Reilly
La Clarinette Classique (vol. A)	J. Lancelot et H. Classens
The Joy of Clarinet	Jerome Goldstein – Denes Agay
220 Estudios.....	H. Klosé
Álbum de Clari.....	S. Comesaña

Tempoaralización de contidos (mínimos esixibles)

Primeira avaliación

- Escalas: Do Maior, la menor, Sol Maior, e mi menor
- Escala cromática
- Velocidade das escalas: = 80 M.M
- 26 Études Elentaires de Lancelot, nº 1 e 3
- Yamaha Clarinet Duets, páxina 18
- La Clarinette Classique (vol. A) nº 5, 7, 8 e 9
- The Joy of Clarinet nº 16 e 32

Segunda avaliación

- Escalas: Fa Maior, Sib Maior, e sol menor
- Escala cromática
- 26 Études Elentaires de Lancelot, nº 5 e 7
- Yamaha Clarinet Duets, páxina 20
- La Clarinette Classique (vol. A) nº 11, 12, 14 e 16
- The Joy of Clarinet nº 21 e 29

Terceira avaliación

- Escalas: Re Maior, si menor, e re menor
- Escala cromática
- 26 Études Elentaires de Lancelot, nº 8 e 13
- Yamaha Clarinet Duets, páxina 19
- La Clarinette Classique (vol. A) nº 18, 20, 21 e 25
- The Joy of Clarinet nº 38 e 40

Criterios de avaliación

- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese, etc...)

Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:

- Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos no programación do curso correspondente.

Criterios de recuperación:

- O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.

CURSO TERCEIRO

Obxectivos:

- Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Dominar o rexistro do clarinete que abarca dende o Mi₂ ata o Mi₅.
- Dominar escalas maiores e menores, natural e harmónica ata catro alteracións en diferentes alturas e articulacións.
- Perfeccionar o sentido da afinación na interpretación individual e en grupo.

- Interpretar os textos musicais perfeccionando aspectos básicos como emisións, articulacións e fraseo.
- Obter hábitos de estudo utilizando as técnicas traballadas e a capacidade de autocontrol e autocrítica.
- Coñecer a evolución histórica do clarinete e a súa familia.

Contidos:

- Perfeccionamento da respiración.
- Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores ata catro alteracións.
- Perfeccionamento na emisión de sons, a coordinación de aspectos técnicos, distintas articulacións, etc...
- Traballo sobre estudos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.
- Aplicación correcta dos aspectos mecánicos e técnicos ó repertorio.
- Interpretación dun pequeno repertorio variado en estilo
- Interpretación na práctica de grupo con simultaneidade de fraseo e ritmos.
- Adquisición de criterios e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas que presente o repertorio.

Recursos

295 Estudos.....	H. Klosé
26 Études Elementaires	Jacques Lancelot
25 Études faciles et progressives	Jacques Lancelot
24 Instructional Duets in Progressive Order, Op. 200	Joseph Küffner
La Clarinette Classique (vol B)	J. Lancelot et H. Classens
Pastourelle	M. Delgiudice
Divertimento nº 1	W. A Mozart
Página d'album.....	Magnani

Temporalización dos contidos:

Primeira avaliación:

- Escalas: Do M, la m, Fa M, re m, Mib M, do m, e La M
- Escala cromática
- Velocidade das escalas: = 100 M.M.
- 26 Études Elementaires de Lancelot, nº.: 16 e 21

- 24 Dúos de Kúffner, nº.: 11
- La Clarinete Classique (vol. B), nº.: 3, 6, 9, e 16.

Segunda avaliación:

- Escalas: Sol M, mi m, Sib M, fa# m, Lab M e fa m
- Escala cromática
- 25 Études faciles et progressives de Lancelot, nº.: 5 e 7
- 24 Dúos de Kúffner, nº 15
- Pastourelle de Delgiudice

Terceira Avaliación

- Escalas: Re M, si m, Mi M, e do# m
- Escala cromática
- 25 Études faciles et progressives de Lancelot, nº.: 12 e 19
- 24 Dúos de Kúffner, nº 23
- Divertemento nº 1 de Mozart

Criterios de avaliación:

- Valoración das capacidades auditivas, rítmicas e a actitude ante o estudo.

Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:

- Todo o alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación correspondente.

Criterios de recuperación:

- O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.

CURSO CUARTO

Obxectivos:

- Dominar a técnica respiratoria , embocadura, emisión e afinación
- Dominar o rexistro do clarinete que abarca dende o Mi₂ ata o Fa₅.
- Dominar escalas maiores e menores, naturais e harmónicas en todas as tonalidades en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.

- Perfeccionar o sentido da afinación na interpretación individual e en grupo.
- Interpretar os textos musicais perfeccionando aspectos básicos como emisións, articulacións e fraseo a través dunha análise formal e estilístico.
- Desenvolver hábitos de estudo utilizando as técnicas traballadas e a capacidade de autocontrol e autocrítica.
- Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos

Contidos:

- Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores en todas as tonalidades.
- Perfeccionamento na emisión de sons, a coordinación de aspectos técnicos e distintas articulacións.
- Interpretar un repertorio básico que inclúa obras de épocas e estilos distintos.
- Traballo de estudos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.
- Aplicación correcta dos aspectos mecánicos e técnicos á interpretación.
- Interpretación en grupo perfeccionando a interpretación e musicalidade.
- Aplicación de criterios propios para resolver distintas cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.

Recursos

295 Estudios.....	H. Klosé
33 Études assez faciles (vol 1º)	Jacques Lancelot
La Clarinette Classique (vol C)	J. Lancelot et H. Classens
Six Dous	F. Devienne
Sonata nº 1	J. X. Iefèvre
Divertimento nº 2	W. A Mozart
Fantasia.....	C. Nielsen
Sonata.....	Wanhal
Capricho.....	D. Milhaud
Unha obra galega	

Temporalización dos contidos (mínimos esixibles)

Primeira avaliación:

- Escalas: Do M, la m, Fa M, re m, Sol M, mi m, Sib M, Reb M e sib m.

- Escala cromática
